

PAUTAS DE LGL PARA OS 15 DÍAS DE SUSPENSIÓN DE AULAS

Profesora: Marta Gándara Varela

2º Bacharelato A e B

- Repasar os dous temas de “comprensión textual” (*Intencionalidade do texto e Definición de palabras*) entregados na 1ª avaliación. Xa os expliquei en A. Quen quixer traballalo en exercicios, que busque esas preguntas nas probas ABAU subidas á aula virtual (teñen que corresponderse coas preguntas 1 e 2 de cada proba).
- Traballar os contidos de “comprensión textual” co artigo de opinión *Eu tamén fun “letrasado”* (ou calquera outro que tedes subidos na aula virtual ou que vos guste da prensa. Lembra que, se os tomades da prensa, deberedes achegalos se queredes que sexan corrixidos). En B, xa empezamos a facelo.
- Ler o tema 5 de sociolingüística (tiñades que collelo na conserxería, pero tamén está na aula virtual) e, unha vez comprendido, facer o resumo (entre 200-250 palabras) para a proba ABAU. Este tema xa o expliquei en A.
- Ler os dous temas de “gramática” (*A formación de palabras e Dialectoloxía*) que tamén tiñades que coller na conserxería; ademais, tamén están subidos na aula virtual. Unha vez comprendidos, facer as actividades recollidas ao final de cada un. *A formación de palabras*, que é o tema marcado para o primeiro parcial da 3ª avaliación, hai que completalo co punto “redución léxica” incluído no apartado “7. Cambio semántico” do *Tema 4. Semántica de Lingua e Gramática*, como vos dixer en clase.
- Se algún de vós quixer mirar os 2 temas de literatura (tema 9 e 10) que entrarían no primeiro parcial da 3ª avaliación, podedes consultar os resumos -versión breve e longa- que hai colgados en ogalego.eu. Porén, para terdes un tema elaborado, teredes que esperar a que a persoa que me substitúa os elabore.
- Para realizar actividades de reforzo, lembra que podedes usar a páxina ogalego.eu onde atoparedes exercicios de todos os contidos da nosa materia.